



Xacobeo 2021

Estimada familia:

Comunícolles que se confirmaron dous casos de COVID-19 no centro educativo ao que acode o seu fillo ou filla. Ata o momento detectáronse 2 casos, un sen repercusión no centro educativo e outro co consecuente rastrexo dos contactos estreitos. O SARS- CoV-2 é un virus que se transmite principalmente de persoa a persoa a través do contacto estreito e das pingas respiratorias que se emiten ao toser ou esbirrar. Os síntomas poden aparecer ata 10 días despois de estar en contacto co caso. A infección pode cursar con síntomas respiratorios como febre, tose ou sensación de falta de aire; con síntomas inespecíficos como a alteración do gusto, do olfacto, dores musculares, diarrea, dor torácica ou dor de cabeza entre outros; ou tamén pode cursar de forma asintomática.

Co fin de evitar a transmisión da infección a outras persoas, é necesario adoptar as seguintes medidas de prevención:

- Un **estudo de contactos** é un proceso mediante o cal se identifican e clasifican os contactos dun caso confirmado cuns criterios establecidos polas autoridades sanitarias. Se o seu fillo/a é un contacto estreito contactárase coa familia para dar as indicacións necesarias.

- Os **contactos estreitos** deben realizar corentena durante 10 días excepto aqueles que tivese unha infección previa documentada cunha PCR positiva nos 3 meses previos. En caso de ser un contacto estreito é posible que nos próximos días poidan aparecer síntomas compatibles con COVID-19, ante o cal deberán permanecer en illamento e contactar telefonicamente co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma.

- O **resto da comunidade educativa** pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles con COVID-19. Se algunha persoa ten condicións de especial vulnerabilidade para COVID-19 pode acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica esté controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, salvo indicación médica de non asistir.

- Se o menor ou algunha persoa da súa contorna próxima (outros menores ou adultos) desenvolve síntomas compatibles nos próximos días, deberá permanecer no seu domicilio e contactar telefonicamente cos servizos de saúde.

Pode atopar información sobre as medidas de corentena e illamento na Web de información para a cidadanía sobre SARS- CoV-2 do Ministerio de Sanidade.



Xacobeo 2021

Reciban un cordial saúdo,

Asdo. en Pontevedra, a 24 de outubro de 2020

A Xefa Territorial de Sanidade
Ángeles Feijoo-Montenegro Fernández.